

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE TRANSPORTE DE ESTUDANTES E DO PROCESO DE CONCESIÓN DAS BONIFICACIÓNS PARA USO DO MESMO DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2017 - 2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Constitución española de 1978 no artigo 27, establece o dereito á educación, e, entre outros, que os poderes públicos teñen que garantir ese dereito. Así mesmo, na artigo 9 se establece que lle corresponde aos poderes públicos, entre outros, promover as condicións para a igualdade do individuo e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación na vida política, económica, cultural e social. E no artigo 40 establece que os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico, e no punto 2 do mesmo artigo recolle que os poderes públicos fomentarán unha política que garante a formación.

A Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 25.2. modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, atribúe aos concellos competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 80 establece que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbitos das súas competencias, poderán promover toda clases de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades dos cidadáns.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación no seu artigo 3.2 establece como ensinanzas que ofrece o sistema educativo: educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, ensinanzas de idiomas, artísticas, deportivas, educación de persoas adultas e ensinanza universitaria.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia no artigo 1.3, reconece que un dos obxectivos da Lei, é a posibilidade de coordinación do sistema galego de servizos sociais cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas política públicas sectoriais que incidan sectorial ou transversalmente na mellora do benestar da cidadanía galega. A mesma Lei 13/2008, no seu artigo 3 establece como obxectivos do sistema galego de servizos sociais, entre outros, dar protección e oportunidades sociais e educativas, proporcionar oportunidades e recursos que garante a igualdade e facilitar a aplicación efectiva nos seus servizos e programas de políticas transversais que incidan na eliminación de todo tipo de discriminación selectiva e exclusión social; e garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Os concellos configúranse como as institucións máis próximas aos cidadáns e, en consecuencia, están en situación de avaliar en mellores condicións o grao de diversidade da demanda de atención social, artellar a oferta e optimizar os recursos. Polo que o Concello de Lalín sendo coñecedor das necesidades de recursos para a atención das/os estudantes e das carencias deses recursos, considera necesario o establecemento de liñas de colaboración entre o Concello de Lalín e as empresas de transporte regular de viaxeiros/as, co obxecto de facilitar o acceso dos/as alumnas/os ás diversas cidades universitarias de Galicia, para mellorar a oferta actual en materia de educación.

A política social e educativa do Concello de Lalín, parte da concepción de que a educación debe contribuír a ofrecer as mesmas posibilidades a todas as persoas, polo que se considera necesario a implantación de servizos e programas educativos complementarios, que constitúan un apoio ás familias e garanten un acceso mais igualitario á educación e á formación.

Neste marco normativo e para a consecución das políticas sociais e educativas sinaladas, dende a Concellería de Benestar do Concello de Lalín, considerase necesario impulsar, dende o ámbito das competencias municipais, e mediante os instrumentos legais oportunos, o servizo complementario de transporte para as/os

alumnas/os residentes e empadroadas/os en Lalín, que cursen estudos nas cidades universitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto destas bases regular o programa de transporte e o proceso de concesión das bonificación do uso do transporte polas/os estudantes residentes e empadroadas/os no Concello de Lalín, que cursen estudos en algunha das cidades universitarias de Galicia, durante o curso 2017/2018.

A bonificacións previstas nas presentes bases, outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

SEGUNDA.- FINALIDADE.

Contribuír a reducir os efectos negativos nas economías familiares mais débiles, producidas polos gastos derivados do uso do transporte dende Lalín ás/aos diversas/os cidades/distritos universitarios/as, das/os estudantes residentes e empadroadas/os no Concello de Lalín.

TERCEIRA.- PARTIDA ORZAMENTARIA.

Os gastos xerados das bonificacións concedidas ao abeiro das presentes bases, irán a cargo das partidas orzamentarias 326.489.20 e 326.489.21 do orzamento do Concello de Lalín para os exercicios económicos do ano 2017 e 2018.

CUARTA.- MODALIDADES DE BONIFICACIÓNS.

1. Establécense dúas modalidades de bonificación para o transporte de estudantes:

- a. **Modalidade diaria**, para as persoas que empreguen os bonos diariamente de luns a venres, ámbolos dous inclusive.
- b. **Modalidade semanal**, para as persoas que empreguen os bonos dúas veces por semana e calquera día de semana : unha para acudir á localidade onde estea situado o centro no que cursa estudos e outra para regresar ao seu domicilio no Concello de Lalín.

2.O/A solicitante deberá marcar na solicitude o tipo de modalidade que elixe. Pasados dous meses, a contar dende o día seguinte a aprobación da concesión ou denegación por parte da Xunta de Goberno Local, as solicitudes de cambio de modalidade non serán admitidas, salvo, causa grave sobrevida e debidamente xustificada.

QUINTA.- BENEFICIARIOS/AS.

Poderán beneficiarse dos bonos regulamentados polas presentes bases as persoas de nacionalidade española, residentes e empadroadas no Concello de Lalín, que reúnan os requisitos establecidos na base sexta.

Así mesmo, as persoas estranxeiras empadroadas e residentes no Concello de Lalín, poderán igualmente ser beneficiarias, sempre que se atopen en situación administrativa regular e cumpran as condicións establecidas na Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e os requisitos establecidos en estas bases.

SEXTA.- REQUISITOS.

Para ser beneficiarios/as das bonificacións establecidas en estas bases, as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser residente e figurar empadroado/a no Concello de Lalín.
2. Ter presentada en tempo e forma a correspondente solicitude, segundo o establecido na base novena.
3. Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso académico de 2017/2018, nas seguintes ensinanzas:
 - a) Ensinanza universitaria.
 - b) Ensinanzas artísticas superiores: estudos superiores de música e danza, ensinanzas de arte dramático, ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e estudos superiores de artes plásticas e deseño.
 - c) Formación profesional nas modalidades de grao medio e superior.

4. Estar cursando estudos de primeira carreira, sempre que non sexan un segundo ciclo de continuidade dunha diplomatura ou do primeiro ciclo dunha licenciatura.
5. Que a/s ensinanza/s na/s que se matricule o/a alumno/a non se imparta/n en centros educativos do Concello de Lalín.
6. Estar matriculado/a en un ciclo formativo de grao medio ou superior no curso académico 2017/2018 en centro/s educativo/s ubicado/s en un distrito universitario ou cidade universitaria.

SÉTIMA.- EXCLUSIÓN.

A tenor do sinalado na base anterior, quedan excluídas as persoas que estean matriculadas nos seguintes estudos:

1. Bacharelato nas súas tres modalidades: ciencias, artes, humanidades e ciencias sociais.
2. Ensinanzas de idiomas: estudos cursados nas escolas oficiais de idiomas.
3. Máster, posgrao, e doutoramento.

OITAVA.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto.
- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou ben por calquera dos medios establecidos nas leis de procedemento administrativo.

- O prazo para presentar as solicitudes será de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

NOVENA.-SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse segundo o modelo de instancia establecido, e terá que estar asinada pola persoa solicitante, e terá que ir acompañada da seguinte documentación:

1. Copia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte do/a solicitante en vigor, no caso de que sexa a primeira vez que se presenta a solicitude.
2. Unha fotografía tamaño carne da/o solicitante.
3. Xustificante de matrícula nos centros de ensino onde se cursen as ensinanzas reguladas na base sexta.
4. Fotocopia da declaración da renda do último exercicio económico de tódolos membros que compoñan a unidade familiar ou certificación negativa expedida pola Administración Tributaria xunto cos xustificantes dos ingresos, segundo se sinala no punto 6 desta base.
5. No suposto de variacións significativas nos ingresos no ano 2017 en relación á última declaración da renda correspondente ao último exercicio económico impositivo, achegaranse os xustificantes dos ingresos actuais.
6. Nos supostos sinalados no punto 4 e 5 anteriores, a documentación xustificativas de ingresos que deberán presentar de tódolos membros que compoñen a unidade familiar, poderán ser mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - Xustificante de pensión/s mensual/ais no seu caso, ou certificado negativo emitido polo INSS correspondente ao ano 2016.
 - Certificado das prestacións do INEM correspondente ao ano 2016 ou, no seu caso, certificación negativa, que deberá vir acompañado dun

informe de *vida laboral* emitido pola Tesourería da Seguridade Social.

- Fotocopia da tarxeta demanda de emprego para xustificación de tal situación, acompañada dun informe de *vida laboral* emitido pola Tesourería da Seguridade Social.
- Para as/os perceptores da RISGA, achegarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.

No seu defecto, declaración xurada de ingresos de tódolos membros da unidade familiar de conformidade co artigo 69 da Lei 39/2015.

7. Achegarase calquera outras medio de proba que se considere necesario aportar para informar dalgunha circunstancia excepcional que poida ser necesaria alegar para a resolución do seu expediente.

DÉCIMA.- VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes valoraranse de acordo ao criterio de renda per capita familiar mensual.

A efectos das presentes bases consideraranse **unidade familiar** a formada pola persoa solicitante, pai, nai, titor/a e os/as irmáns/ás do/a solicitante menores de 26 anos que convivan no domicilio familiar ou maiores cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.

No caso de **unidades familiares monoparentais** incrementarase en 0,8 unidades o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Enténdese por renda per capita familiar mensual o resultado de dividir a suma total dos ingresos de todos os membros computables da unidade familiar entre doce e entre o número de membros computables.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DAS BONIFICACIÓNS.

Para determinar as contías de bonificación, utilízase o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) como referencia para a concesión das devanditas bonificacións para uso do transporte universitario.

O IPREM fixado para o ano 2017 é de 537,84 €, segundo o establecido na Lei 3 / 2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

En base ao sinalado, o cadro de bonificacións segundo a modalidade a utilizar, serán os seguintes:

MODALIDADE DIARIA

RENDA PERCAPITA FAMILIAR	BONIFICACIÓN
Ata 537,84€ (100% IPREM)	75,00%
Entre 537,85€ e 1075,68€ (Entre o 100% e o 200% IPREM)	35,00%

MODALIDADE SEMANAL

RENDA PERCAPITA FAMILIAR	BONIFICACIÓN
Ata 268,92€ (50% IPREM)	20,00%

DÉCIMO SEGUNDA.- TARIFAS ESTABLECIDAS E BONIFICACIÓNS.

Para a execución deste programa, o Concello de Lalín, asinará dous convenios de colaboración con dúas empresas de transporte regular de viaxeiros cidades nas que se imparten estudos universitarios.

En virtude deses convenios, ámbalas dúas empresas ofertan unha bonificación dun 35% do custo dos billetes en tódolos viaxes, en ámbalas dúas modalidades de bonos. (Achégase como ANEXO I a táboa de bonificación e de prezos dos billetes presentados polas dúas empresas)

Tendo en conta o sinalado e segundo as tarifas actuais de custo dos billetes, e na aplicación do presente regulamento, as custes para as persoas beneficiarias do transporte de estudantes, e os custes por parte do Concello, segundo a modalidade e nivel de rendas, será o sinalado no presente cadro:

CUSTES PARA A MODALIDADE DE BONOS DIARIOS			
Bonificación Concello	Destino	Custe Concello Viaxe	Custe Billete Solicitantes
75%	A Coruña	6,68€	2,23€
75%	Ferrol	7,92€	2,64€
75%	Lugo	3,68€	1,23€
75%	Ourense	2,85€	0,95€
75%	Pontevedra	3,46€	1,16€
75%	Santiago	2,88€	0,96€
75%	Vigo	4,66€	1,55€
35%	A Coruña	3,12€	5,79€
35%	Ferrol	3,70€	6,86€
35%	Lugo	1,72€	3,19€
35%	Ourense	1,33€	2,47€
35%	Pontevedra	1,62€	3,00€
35%	Santiago	1,34€	2,50€
35%	Vigo	2,17€	4,04€

CUSTES PARA A MODALIDADE DE BONOS SEMANAIS			
Bonificación Concello	Destino	Custe Concello Viaxe	Custe Billete Solicitantes
20%	A Coruña	1,78€	7,13€
20%	Ferrol	2,11€	8,45€
20%	Lugo	0,98€	3,93€
20%	Ourense	0,76€	3,04€
20%	Pontevedra	0,92€	3,70€
20%	Santiago	0,77	3,07€
20%	Vigo	1,24€	4,97€

DÉCIMO TERCEIRA.-PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638

BONIFICACIÓNS.

A instrución do procedemento corresponderalle a un/unha técnico/a do Concello, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Constituirase unha **Comisión Avaliadora** que estará composta por:

- Presidente : Concelleiro de Benestar Social.
- Vogais: técnicos/as da Concellería de Benestar Social.

A Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos na Base 11, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración. A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A proposta de resolución deberá expresar:

- Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada un deles.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

Unha vez aprobada por xunta de goberno local a relación de persoas ás que se lles concede a subvención deberán ser notificadas polo órgano instructor no prazo

de 10 días hábiles.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicárase a concesión de estas axudas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO CUARTA.- PRELACIÓN SOCIAL.

No suposto que as demandas de bonificación supere o crédito orzamentario previsto, a orde de prelación virá dada pola aplicación das seguintes variables :

1. Terán prioridade as solicitudes con menores rendas familiares.
2. No suposto de igualdade de rendas, terá preferencia a solicitude con maior numero de fillas/os estudando.
3. No suposto de coincidencia de rendas e número de fillas/os estudando, a prioridade virá dada polo número de rexistro da solicitude (de menos a mais).

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE DENEGACIÓN.

No caso de resultar denegadas farase constar algúns dos seguintes motivos:

- Presentación da solicitude fóra de prazo.
- Presentación da documentación requirida fóra de prazo.
- Non presentación da documentación.

- Superar o límite de ingresos estipulado en estas bases
- O/A alumno/a non está matriculado/a.
- Falta de dotación orzamentaria.

DÉCIMO SEXTA.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

As persoas beneficiarias das bonificacións ao abeiro de estas bases, terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Recoller os carnés e os bonos antes do 1 de xaneiro de 2018. Xa que a partires do 1 de xaneiro de 2018 os carnés e os bonos que non fosen retirados quedarán inmediatamente anulados.
- c) Xustificar ante o Concello de Lalín ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o Concello de Lalín, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao Concello de Lalín a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.-COMPATIBILIDADE.

As bonificacións reguladas nestas bases serán compatibles con calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como por calquera entidade privada.

DÉCIMO OITAVA.- RECURSOS.

Contra as resolucións administrativas que se adopten poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o Concello de Lalín no prazo dun mes.

Entenderase desestimado se, transcorrido o prazo dun un mes, non ten recibido contestación.

Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativo, no prazo de dous meses.

DÉCIMO NOVENA.- REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais normativa concordante.

VIXÉSIMO PRIMEIRA .- PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Lalín, con domicilio en Praza de Galicia,s/n -Lalín– Pontevedra, onde se poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2017, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ANEXO I

CASTROMIL,S.A.

BONO CURSO – MENSUAIS

Orixe	Destino	Tarifa Ida	% Bonificación	Prezo final ida bonificado	Nº viaxes día	Prezo final ida e volta bonificado
Lalín	Santiago	5,90 €	35%	3,84 €	2	7,68 €
	A Coruña	13,70 €	35%	8,91 €	2	17,82 €
	Ourense	5,85 €	35%	3,80 €	2	7,60 €
	Ferrol	16,25 €	35%	10,56 €	2	21,12 €

BONO CURSO DOS – (UNHA VIAXE DE IDA E VOLTA SEMANAL)

Orixe	Destino	Tarifa Ida	% Bonificación	Prezo final ida bonificado	Nº viaxes día	Prezo final ida e volta bonificado
Lalín	Santiago	5,90 €	35%	3,84 €	2	7,68 €
	A Coruña	13,70 €	35%	8,91 €	2	17,82 €
	Ourense	5,85 €	35%	3,80 €	2	7,60 €
	Ferrol	16,25 €	35%	10,56 €	2	21,12 €

GÓMEZ DE CASTRO,S.A.

BONO CURSO – MENSUAIS

Orixe	Destino	Tarifa Ida	% Bonificación	Prezo final ida bonificado	Nº viaxes día	Prezo final ida e volta bonificado
Lalín	Pontevedra	7,10 €	35%	4,62 €	2	9,24 €
	Vigo	9,55 €	35%	6,21 €	2	12,42 €
	Lugo	7,55 €	35%	4,91 €	2	9,82 €

BONO CURSO DOS – (UNHA VIAXE DE IDA E VOLTA SEMANAL)

Orixe	Destino	Tarifa Ida	% Bonificación	Prezo final ida bonificado	Nº viaxes día	Prezo final ida e volta bonificado
	Pontevedra	7,10 €	35%	4,62 €	2	9,24 €

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638

Lalín	Vigo	9,55 €	35%	6,21 €	2	12,42 €
	Lugo	7,55 €	35%	4,91 €	2	9,82 €